

Anexo I

Proposta técnica para a selección de persoal para a contratación temporal de persoal de reforzo do servizo de normalización lingüística ao abeiro da subvención da Deputación da Coruña concedida ao Concello de Ferrol pola resolución pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa FONL2021

Propóñense dúas fases :

Fase 1: baremación de currículo ,máximo 8 puntos

Fase 2: entrevista persoal, máximo 2 puntos

<p>Requisitos imprescindibles para superar a fase de baremación do currículo</p> <p>Requisitos de titulación: Licenciatura en Filoloxía Galego-Portuguesa, Filoloxía Galega ou Filoloxía Hispánica (subsección Galego-Portugués); grao en Lingua Galega, ou titulado en calquera outra licenciatura/grao sempre que dispoña do Celga 5.</p> <p>Requisitos de puntuación: Currículo: 8 puntos Acadar unha puntuación mínima total no currículo de 3 puntos</p>	
<p>Primeira fase: baremación curricular</p> <p>A) Experiencia profesional que se deberá acreditar a través de contratos de traballo nos que figuren o desenvolvemento dunha ocupación igual ou similar á requirida. Achegarase informe da vida laboral. Cando se trate de colaboracións ou bolsas, acreditarase coa certificación de organismos oficiais na que deberá constar o tempo de realización e , de ser o caso, copia das condicións da convocatoria.</p>	Máximo 4 puntos
<p>1) Por servizos prestados na Administración local:.</p> <p>2) Por servizos prestados en calquera outra Administración ou entidade pública</p> <p>3) Por servizos prestados na empresa privada.</p>	0,10 puntos por cada mes completo de servizos prestados 0,08 puntos por cada mes completo de servizos prestados. 0,05 puntos por cada mes completo de servizos prestados
<p>B) Mestrados ou cursos de formación profesional, sobre materias directamente relacionadas coas funcións propias do posto*, impartidos por centros legalmente autorizados e recoñecidos ou organismos públicos. Non serán valorados os cursos de menos de 15 horas.Nos documentos acreditativos da realización dos cursos, deberá constar a súa duración; de non figurar, entenderase que teñen menos de 15 horas e polo tanto</p>	Máximo 4 puntos

non serán valorados. Os títulos e diplomas ou certificados de cursos acreditaranse mediante a achega da súa fotocopia. Valoraranse da seguinte forma:	
1) Por cada curso de 15 horas ou máis e menos 45 horas:	0,10 puntos.
2) Por cada curso de 45 horas ou máis e menos de 100 horas:.	0,20 puntos
3) Por cada curso de 100 horas a 200 horas:	0,30 puntos.
4) Por cada curso de máis de 200 horas	0,50 puntos
<p>Fase 2 Entrevista persoal</p> <p>Pasarán a esta fase aquelas persoas que, cumpridos os requisitos obrigatorios, acadasen un mínimo de 3 puntos na fase A, de valoración curricular.</p> <p>Máximo 2 puntos</p> <p>A Comisión seleccionadora realizará unha entrevista curricular a todos os aspirantes coa finalidade de avaliar a adecuación da persoa candidata ao posto de traballo. A Comisión preguntará sobre aspectos do currículo así como cuestións relativas ás funcións a desempeñar no posto de traballo, a súa actualización de coñecementos e o coñecemento do municipio, e poderá outorgar ata un máximo de 2 puntos.</p> <p>Para a realización desta entrevista, tomaranse as medidas de seguridade precisas en relación co Covid-19, debendo o aspirante presentarse coa súa máscara, debendo haber unha distancia mínima en todo momento entre os aspirantes de 2 metros</p>	

** Tarefas relacionadas na base 3.2 do programa de subvencións provinciais de concorrencia competitiva dirixidas aos concellos, agrupación de concellos Mancomunidades e outras entidades locais da provincia da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística de 2021 (Convocatoria FONL 2021).*

Firmado por : CRISTINA PRADOS RUBIO - 32659779D
Cargo : Concelleira Delegada da Área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística
Fecha : 13/09/2021

Firmado por : MARIA BEATRIZ BASCOY MACEIRAS - 32776404R
Cargo : Técnica de Normalización Lingüística
Fecha : 10/09/2021

Este documento foi asinado electrónicamente conforme á lei 59/2003 de 19 de decembro, de sinatura electrónica.